

A NOITE DE SAN XOÁN

É unha das máis máxicas do ano. Celébrase na véspera do 24 de xuño para darlle a benvida ao período de verán.



Esa noite lévanse adiante diversos rituais con propiedades curativas ou para afastar os meigallos. Préndense **fogueiras** (tamén chamadas **cacharelas** ou **luminarias**) e faise festa ao seu redor.

Logo hai que saltar por riba delas (con moito coidado) un número impar de veces, para un lado e para o outro.

Tamén se toman baños nocturnos no mar, prepáranse sardiñadas e recóllense as herbas de san Xoán para elaborar unha auga máxica coa que lavarmos a cara na mañá seguinte.

A NOITE DE SAN XOÁN

COLOREA



A NOITE DE SAN XOÁN

ANOTA

Recolle estas sete herbas máxicas para a noite de san Xoán:



FIÚNCHO



FENTO



HERBA DE
SAN XOÁN



CODESO



ROMEU




MALVA



HERBA LUÍSA

Colócaas nun recipiente e déixaas esa noite ao relento.






Á mañá seguinte, lava a cara coa auga que queda do orballo, e fóra meigallo!

FAI A TÚA SARDIÑA ARTÍSTICA


Sigue as INSTRUCCIÓNs:

- 1 RECORTA a sardiña da páxina seguinte...




COLOREA
DEBUXA
o que queiras
no corpo da
sardiña.


Ou tamén...



- 3 PEGA sobre ela un anaco de tea...



...e xa está!



“Polo san Xoán, a sardiña molla o pan” .